

Organiza:



Concello de **Touro**



igualdade
e diversidade
Touro

Programación Cultural Verán 2025 Touro



Touro Anda

Domingo 8 xuño. Ás 8:30 h. Saída diante do Concello BOSQUE ENCANTADO E PONTE MEDIEVAL. ALDÁN, CANGAS.
Ruta dende o paseo marítimo de Aldán, pasando polo bosque encantado, os muíños do río Orxas, a ponte medieval e o castelo. 8 km. Dificultade baixa. Anotarse na web do Concello, no **981 504 029** ou no departamento de Deportes do Concello.



Contacontos: Contos e Cancións do mar
Xoves 12 xuño. Ás 17:30 h. Biblioteca Municipal
Representación con monicreques a cargo de **Tóteres Babaluva**.
Forma parte da iniciativa ‘Ler conta Moito’ da Xunta de Galicia.

Festa inauguración da piscina

Venres 20 xuño. Ás 19 horas
Terá lugar o espectáculo de **Sempre Arriba: Hoxe Si!**



Verán Lúdico. Concilia Touro
Do 23 de xuño ata o 5 de setembro. Casa da Cultura
De 9:00h a 14:00h. Horario amplo de 8:00 a 15:00h. Máis información e inscricións nos Servizos Sociais do Concello.

Contacontos: Quiquiriquí!

Xoves 26 xuño. Ás 17:30 horas. Biblioteca Municipal

Contacontos a cargo de **Raquel Crespo**. Forma parte da iniciativa ‘Ler conta Moito’ da Xunta de Galicia.



Cine de Verán en Prevediños

Venres 27 de xuño. Ás 22:30 h.
Campo da festa de Prevediños
Película: *Valentina*

Día da Familia

Domingo 29 xuño. De 16:30 a 20:30 h.
Campo da Festa de Fonte Díaz

Xogos interxeracionais, inchables, obradoiros, animacion con xogos e baile e actuación de **Uxía Lambona e a Banda Molona**.



Contacontos da maleta viaxeira MAVI
Venres 4 xullo. De 12 a 13 h. Sala de lectura municipal
Dirixido ao alumnado de Educación Infantil.
Haberá actividades varias ao redor de dous libros.



Touro vai á praia

Domingos 6 e 20 de xullo. Saída ás 9 h
O Concello de Touro poñerá un autobús a disposición da veciñanza para desprazarse a unha praia a determinar, segundo as previsións meteorolóxicas.



Contacontos da maleta viaxeira MAVI
Venres 11 xullo. De 12 a 13 h. Sala de lectura municipal
Dirixido ao alumnado de Educación Primaria.
Haberá actividades varias ao redor de dous libros.



Excursión a Monforte

Sábado 12 xullo
Inscricións do 9 ao 27 de xuño no 981 50 40 29 ou a través de cultura@concellodetouro.gal Prazas limitadas. Seguirase a orde de inscrición.



Obradoiro da maleta viaxeira MAVI
Venres 18 xullo. De 12 a 13 h.
Sala de lectura municipal
Haberá unha breve análise dos contidos de libros respecto á historia dos feminismos e a súas encrucilladas actuais, así como outros recursos para tratar a igualdade de xénero, como son os cómics.



Clases de tenis
Xullo e agosto
Sairá cartel específico



Cine de Verán en Circes
Venres 1 agosto. 22:15 h. Campo da festa de Circes
Proxectarase a película *Vaya vacaciones!*



Caiaic
Domingo 3 agosto.
Sairá cartel específico.



III Festa de inchables acuáticos
Domingo 10 agosto. De 17 a 19:30 h.
Piscina municipal
Canon de espuma, gincanas sobre auga e barcas a pedais.



Open de tenis Concello de Touro Verán 2025
Primeira quincena de setembro
Sairá cartel específico.

Festa clausura da piscina
Domingo 7 setembro. Ás 19 h. Piscina municipal
Terá lugar o espectáculo *Labirinto de ilusiones*, do **Mago Román García**.



Cine de Verán en Bama
Venres 12 setembro. Ás 21:45 horas.
Campo da festa de Bama
Proxectarase a película *Cuñados*.



Goza do Ulla
Sábado 13 setembro. 9:15 h. Área Recreativa de Remesquide
Ruta organizada conxuntamente polos Concellos de Touro e Vila de Cruces. A andaina leva por título *As dúas beiras do Ulla*.



XXII Festival de Bandas Concello de Touro
Sábado 13 setembro. 18:30 horas.
Praza do Luar
Actuarán a Banda de Música Isabel II de Touro e a Banda de Música Municipal de Brión



Festa da Terceira Idade
Domingo 14 setembro
Sairá cartel específico con toda a información.



Touro Anda
Domingo 21 setembro. Ás 9 h saída diante do Concello
SENDA RÍO VILACOBA. LOUSAME. Ruta que sae dende o mosteiro de Toxosoutos, en San Xusto, percorrendo os ríos Vilacoba e San Xusto, pasando pola fábrica de papel de Brandía. 15 km. De dificultade baixa. Anotarse na web do Concello, no **981 504 029** ou no departamento de Deportes.



Excursión a León
Do venres 26 ao domingo 28 setembro.
Visita a León, Riaño e Cova de Valporquero. Inscricións do 1 ao 31 de xullo a través do 981 504 029 ou de cultura@concellodetouro.gal Prazas limitadas.



X Carreira Pedestre Popular
Domingo 28 setembro
Sairá cartel específico con toda a información.

****Haberá cartel con máis información específica de cada actividade**